



## PROCEDIMIENTO PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE ADMISIÓN (ED550B) PARA O CURSO 2022/2023.

**Prazo de presentación de solicitudes:** do 1 ao 22 de marzo de 2022.

### Importante:

- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

### Presentación das solicitudes de admisión:

1. De **forma presencial** no centro docente, mediante o **formulario** normalizado **ED550B**.
2. A través da **aplicación** de xestión do proceso **[admisionalumnado](https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado)**.  
<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>
  - 2.1 Cubrir a solicitude informaticamente e presentala asinada de xeito manual no centro.
  - 2.2 Cubrir o formulario e coa **Chave 365** asinala en Sede Electrónica.

### Documentación necesaria:

- **Anexo II (ED550B).**
- **Orixinal e fotocopia** completa do **libro ou libros de familia**.
- **Certificado do padrón municipal** (só en caso de puntuar polo criterio de proximidade do centro educativo ao domicilio familiar)



- **Domicilio laboral** (só en caso de puntuar polo criterio de proximidade do centro educativo ao lugar de traballo)
- **Discapacidade igual ou superior ao 33%:** Certificación emitida polo órgano competente da Xunta de Galicia ou, se é o caso do órgano competente doutras administracións públicas.
- **Familia numerosa:** Fotocopia do título oficial de familia numerosa ou da solicitude de recoñecemento ou renovación. Neste último caso deberá achegar a fotocopia do título, da súa renovación ou do carné, antes da resolución do procedemento de admisión do alumnado.
- **Familia monoparental:** certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.
- **Renda anual *per cápita* da unidade familiar.** Para o cálculo sumaranse as caseiras 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) das declaracións do 2020, segundo se realicen xuntas ou por separado e dividida entre o número de membros computables da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro do 2022.

IPREM	Puntos
Inferior a 3227,01€	3
Igual ou superior a 3227,01€ e inferior a 4840,52€	2
Igual ou superior a 4840,52€ e inferior a 6454,03€	1
Igual ou superior a 6454,03€	0

- **Criterio complementario aprobado polo centro \*:** Ser filla ou fillo de exalumna ou exalumno do centro escolar.

( \* ) Aprobado pola titularidade do centro por proposta do Consello Escolar.